

As imaxes dos cruceiros de Lérez

Autor: Xosé Álvarez Castro.

Fotos: Marisé Pérez Caramés.

Na memoria de Ramón Jáudenes Peña, membro de Cedofeita, home bo e xeneroso que sempre levou a Lérez e á súa historia no seu corazón.

No número 8 desta revista publicamos un artigo a xeito de panorámica xeral sobre os cruceiros de Lérez. Nesta ocasión tratamos os seus aspectos iconográficos.

Os aspectos iconográficos e simbólicos dos cruceiros despertan un alto grao de interese para as persoas que se achegan ao coñecemento destes monumentos populares. Existe un notable descoñecemento, sobre todo nas novas xeracións, sobre características básicas da iconografía relixiosa, dos símbolos máis salientables e, nalgúns casos, das nocións máis elementais dos relatos bíblicos, vidas de santos, etc. A consecuencia é que a comprensión destas obras de arte sexa parcial quedando limitada, no mellor dos casos, a aspectos meramente formais.

Para comprender a perda que isto supón, consideremos unha pintura moi coñecida como pode ser "As Meninas" de Velázquez; alguén que descoñeza que os personaxes que alí aparecen son as fillas dos reis e as súas damas e bufóns, que o pintor retratado é o propio Velázquez ou que no espello do fondo vese a Felipe IV e a raíña, só acertaría a ver unhas nenas no estudo dun pintor e o cadro quedaría desprovisto de toda transcendencia e significado.


Non é fácil, no caso dos cruceiros, o estudo das imaxes pois o estado de conservación dalgúns, a tosquidade na realización doutros, as reparacións e limpeza pouco coidadosas, etc. poden dificultar moito o recoñecemento de certas figuras, particularmente dos santiños das varas. Os referentes simbólicos, de lectura fácil e estendida pola poboación da época na que se construíron estes monumentos pero ignorados na actualidade, determinan o seu descoñecemento, máis alá de interpretacións ás veces aventuradas.

A perda de devoción a determinados santos que se consideraban avogosos contra certos males, propiciada pola aparición de avances médicos e científicos, tamén contribúe a que a poboación deixe de recoñecer as representacións dos mesmos.

Utilizaremos como soporte para tratar a información iconográfica e simbólica o conxunto formado polos cruceiros de Lérez.

Para un estudo sistemático da iconografía dos cruceiros, consideramos os seguintes apartados:

1.- A Crucifixión



Couso. Crucifixión

1.1. Cristo só na cruz. A imaxe de Cristo crucificado, eixe central da arte e da devoción cristiás, é sempre a figura principal de calquera cruceiro, está orientada cara ao camiño principal e, no caso de que non sexa así, pode asegurarse que foi cambiada da súa posición orixinal. Este é o caso do cruceiro da Tranca colocado ao revés logo de participar nunha exposición. A postura tradicional que adopta a figura de Cristo é coa cabeza lixeiramente caída cara a dereita, sempre con barba e tres cravos, co pé dereito colocado sobre o esquerdo, apoiados nun soporte ou supedáneo.

A cartela coa inscrición INRI (Iesus Nazarenus Rex Iudaeorum) lembra o cartel que os condenados levaban colgado ao pescozo para indicar o delito cometido e que se fixaba na parte superior da cruz.

O pano de pureza está anoado á dereita agás no cruceiro de Benigno que o está á esquerda. Se atendemos á historia, acostumábase que os crucificados estiveran nus; a representación do pano de pureza ten a súa orixe nos Evanxeos Apócrifos, que nos contan que a Virxe, ao ver nu ao seu fillo, quitou o pano da súa cabeza e anouullo ó redor da cintura.

A posición das mans de Xesús tamén está dotada dunha lectura simbólica, segundo estean pechadas (omnipotencia), abertas (misericordia) ou cos dedos índice e corazón estendidos (bendición).

A tipoloxía da cruz repártese en dúas formas principais: prismáticas e en forma de ponla de árbore. As primeiras poden ter remates máis ou menos vistosos; en canto á utilización da ponla de árbore explícase polo desexo de vincular a redención, a través do sacrificio de Cristo, co pecado orixinal. Esta vinculación ven dada pola lenda de que a cruz de Cristo estaba construída con madeira que procedía da Árbore da Ciencia do Ben e do Mal que estaba no Paraíso.

A caveira é unha figura que aparece, na maioría dos casos, ao pé da cruz e no lado correspondente á Crucifixión; fai referencia ao nome do monte Calvario ou Gólgota ("lugar da caveira") e esta simboliza a morte. A interpretación simbólica é a da vitoria da cruz (símbolo da vida) sobre a caveira (símbolo da morte).

A pesar de que nos Evanxeos non aparece ningunha referencia neste senso, unha creación dos teólogos completou este simbolismo ao afirmar que esa caveira pertencía a Adán que fora enterrado naquel lugar, dese xeito, relaciónase a redención co pecado orixinal: Cristo morre para vencer á morte que fora introducida polo pecado orixinal de Adán e Eva e redimir ao home.

Reforza esta relación a presenza da **serpe** (cruceiros da Santiña e de Paz). Aínda que a serpe foi considerada como símbolo de inmortalidade (pola muda da súa pel) ou mesmo de prudencia, a crenza máis estendida é a que a asocia á figura do demo; sería un animal maléfico e astuto utilizado por este para enganar ao home. No relato bíblico aparece tentando a Adán e Eva para que cometan o primeiro pecado e perdan a inmortalidade.



A Santiña. Serpe

1.2. Cristo acompañado doutros personaxes.

A recollida nun cáliz do sangue vertido por Cristo interprétase como a representación dos sacramentos da Eucaristía e do Bautismo, este sangue ten forza redentora e simboliza a vida da igrexa. Nos cruceiros da Santiña e de Paz é un anxo o que sostén o cáliz e no de Benigno realiza esa función un santo con hábito de franciscano. A ferida está no lado dereito (segundo san Agustín o lado da vida eterna) aínda que, ao esquecerse este simbolismo, podemos atopar cruceiros nos que aparece en ambos lados de xeito indistinto.



A Santiña. Un anxo recolle o sangue de Xesús

O tema coñecido como "As tres Marías" aparece no cruceiro de Benigno. Son tres figuras de muller coas mans xuntas en actitude de oración.

A identidade destas mulleres varía segundo as fontes; o evangelista Xoán escribe: “*Xunto á cruz estaba a súa nai e a irmá de súa nai, María, muller de Cleofás, e María Magdalena*”. En ocasións confúndense as identidades de María de Betania (irmá de Lázaro e Marta) con María Magdalena e a de María Salomé (muller de Zebedeo e nai de Santiago o Maior e Xoán) con María de Cleofás (irmá da Virxe).



Cristo Benigno. As tres Marias

No cruceiro da Xicra atopamos a S. Francisco que abraza o corpo de Xesús e en actitude de dialogar con el.

2.- A representación da Virxe

No reverso dos cruceiros (agás no de Benigno que non posúe imaxes) sempre aparece a Virxe María nas diferentes advocacións: como Piedade ou Quinta Angustia (Santiña, Paz, Cruceiro), Virxe do Rosario (Xicra, Couso, Casaldarado), Virxe do Carme (O Santo), Virxe do Socorro (Tranca e cemiterio), Virxe das Dores ou da Soidade (cruce do Bravo) e a Coroación da Virxe (Casal Novo).

2.1. Virxe da Piedade.- Neste tema están representadas as figuras da Virxe e de Xesús. Corresponde ao momento inmediatamente posterior ao desencramento e a Virxe sostén ao seu fillo morto sobre os seus xeonllos ou rodea o seu corpo cos brazos. A composición é romboidal, a Virxe ocupa o eixe vertical e Cristo o horizontal ou diagonal de xeito que se equilibren os pesos sobre a cruz. A cabeza de Cristo, nos cruceiros de Lérez, está caída cara a dereita.



Cruceiro. Piedade

Este tema difúndese na arte sacra a partir do século XIII e obedece ao desexo -con grande influencia dos franciscanos- de achegar a Cristo ao corazón dos fieis mostrando a inmensa dor da súa nai. No cruceiro de O Cruceiro a escena acada un alto grao de patetismo.

2.2. Outras advocacións.

Virxe do Rosario.- As representacións deste tema nos cruceiros de Lérez son variadas: no cruceiro da Xicra aparece a Virxe de pé, apoiada nunha peaña formada pola cabeza dun anxo, cun curioso tocado na cabeza e sostendo ao Neno Xesús na man dereita; no de Couso, aparece sen o Neno, con querubíns aos seus pés, cun contorno ovalado que lembra ás Inmaculadas, en actitude de oración e coas mans xuntas das que colga un rosario. No de Casaldarado, aparece de pé, co Neno Xesús (ao que lle falta a cabeza) á esquerda. A peaña está composta por tres cabezas de anxos.

O culto á Virxe do Rosario foi impulsado polos dominicos sendo os franciscanos os que pulaban polo da Inmaculada Concepción. Na difusión desta advocación tamén tivo moita importancia a creación de numerosas confrarías do Santo Rosario nas parroquias, perdurando moitas delas na actualidade; así mesmo foi a patroa da escuadra española na batalla de Lepanto fronte aos turcos.



A Xicra. Virxe do Rosario.

O nome do Rosario ven dado porque, orixinalmente, estaba formado por unha restra de rosas brancas e vermellas que, máis tarde, converteríanse en bólas. Serven para contar as oracións nos rezos e foi entregado a santo Domingo pola Virxe no curso dunha aparición.



Santo. Virxe do Carne

Virxe do Carne.- No cruceiro do Santo aparece de pé, sobre peaña formada por tres cabezas, está coroada por dous anxos e sostén ao Neno co brazo esquerdo; o Neno Xesús tamén está coroado e mostra na súa man esquerda unha esfera (globo terráqueo) rematado coa cruz; esta esfera era unha das insignias dos emperadores do Sacro Imperio Romano e preséntanos a Xesús como o salvador do mundo. O escapulario colga do brazo dereito.

Neste caso son os carmelitas os que, de xeito semellante ao relatado sobre os dominicos, difunden o culto á Virxe do Carne que tamén se lle aparecerá ao fundador desta orde, S. Simón Stock, entregándolle un escapulario coa promesa de que quen o levara posto no momento da súa morte, salvaríase do inferno. O culto a esta Virxe esténdese a partir do século XVIII acadando moita popularidade nas vilas costeiras.

Virxe do Socorro.- Está representada dun xeito practicamente idéntico nos cruceiros da Tranca e do Cemiterio, os dous do mesmo autor. O da Tranca presenta varios desperfectos faltándolle á Virxe o brazo dereito. Aparece coroada por anxos, sostén o Neno Xesús na man esquerda e empuña un pau ou tranca na man dereita (posiblemente sexa a orixe do nome popular do cruceiro) co que escorrenta o demo, que quere atraer a un meniño (as almas) que gabea polo manto da Virxe cara ao Neno Xesús (a salvación). Pertence esta advocación ao chamado "ciclo gozoso" da Virxe.



Tranca. Virxe do Socorro

Esta representación parece ter orixe en Italia e está baseada nunha lenda que nos conta que unha nai incomodada co seu fillo díxolle: *¡Que te leve o demo!* e Satanás tomouno ao pé da letra e tentou roubar o meniño do berce; a nai ao velo, desesperada, invocou á Virxe e esta discutiu co demo e ameazouno coa tranca, obrigándoo a abandonar a súa presa.

Virxe das Dores.- Aparece no cruceiro do Bravo e foi feita hai poucos anos debido á desaparición da imaxe anterior. A súa elaboración non foi moi afortunada e fainos dubidar na atribución pero parece corresponder á Virxe das Dores ou da Soidade. Está soa, coas mans xunguidas no peito e en actitude chorosa, o seu avultado ventre recorda en certo modo á Virxe da O ou da Esperanza.

Coroación da Virxe.- No cruceiro de Casal Novo aparece de pé, apoiada nunha cabeza rodeada por unha orla que semella os raios do sol. Suxeita o Neno Xesús coa man esquerda e está coroada por dous anxos arrimados á cruz.



Casal Novo. Coroación

3.- Os símbolos da Paixón

Ao longo da vara ou do pedestal adoitan aparecer representacións dos instrumentos que se empregaron na Paixón de Cristo. Como apunta Clodio González Pérez, empezaron a difundirse entre finais do XVI e comezos do XVII, acadando gran importancia no barroco. Aparecen nos cruceiros da Tranca e Cemiterio, esculpidos no pedestal e, no de O Cruceiro, na parte baixa da vara.

Son a coroa de espiñas, os cravos da crucifixión, a lanza coa que Lonxinos perforou o costado de Xesús, as escaleiras, as tenaces, o martelo, o látego, a columna da flaxelación, a esponxa coa que lle mollaron os labios...



Tranca. Escalera

A coroa de espiñas máis que un instrumento de tortura era de escarnio, pois foi a que os soldados romanos lle puxeron para burlarse, axeonllándose diante de Cristo e dicíndolle: *Salve, rei dos xudeus*.

Nos Evanxeos aparecen referencias aos mesmos como a de Xoán (19, 29-34) : *Fixaron nunha rama de hisopo unha esponxa empapada en vinagre e leváronlla á boca [...] un dos soldados atravesoulle o costado cunha lanza e saíu sangue e auga*.

4.- Os " santiños "

Nos nosos cruceiros aparecen, maioritariamente situadas na vara, unhas figuras que coñecemos como "santiños". En Lérez aparecen nos cruceiros de Benigno (as "tres Mariás" e S. Francisco), da Xicra (S. Francisco abrazado a Xesús), O Cruceiro e Casal Novo, A Tranca (catro), cruce do Bravo (dous), Cemiterio (catro) e Casaldarado (dous). Destacan polo seu número e calidade na execución os existentes nos da Tranca e Cemiterio.

Non é doado o recoñecemento dos santos dos cruceiros pois moitos deles están moi degradados e mesmo con mutilacións. A iconografía integra aportacións de lendas populares, das escrituras relixiosas e tamén reminiscencias de cultos pagáns.

Os **atributos** son obxectos, reais ou convencionais, que serven para recoñecer e identificar as imaxes dos santos; non deben confundirse coas **características** pois estas sempre se refiren á aparencia física do santo ou santa.



Casal Novo. Santiño

Os atributos poden ser xenéricos, que abarcan a todos os santos pertencentes a un determinado grupo; por exemplo: a folla de palma que levan todos aqueles que foron mártires, a mitra e o báculo dos bispos, a tiara e cruz pontifical (de triplo brazo) dos papas, o hábito das ordes relixiosas, o crucifixo e a caveira dos santos penitentes, etc. Os atributos individuais son os propios dun santo determinado, así santa Lucía, ademais do atributo xenérico da palma do martirio, conta co propio dun prato ou vaso con dous ollos

A iconografía pode basearse en lendas pero tamén pode dar orixe a novas lendas. A utilización dunha

linguaxe metafórica fixo que, cando se perdeu o coñecemento do seu simbolismo, se fixera unha interpretación "literal" da representación, como foi o caso de S. Xurxo. Este santo representábase combatendo ao dragón (símbolo da idolatría e o paganismo) e acompañado dunha muller (símbolo da Capadocia evanxelizada por el); estes símbolos permaneceron nas representacións, pero chegou un momento no que o pobo deixou de comprendelos e creou a lenda do santo cabaleiro que loita cun dragón para rescatar a unha princesa, esquecéndose totalmente do significado orixinal.

No cruceiro de O Cruceiro (ao que Castelao denominaba de Chenlo), a figura que aparece na vara non é de fácil atribución; parece unha figura feminina, de longos cabelos, que sostén na man dereita unha especie de anel ou argola, está acompañada por un neno e baixo os seus pés aparece a figura dun dragón. Esta presenza do dragón ou demo é un atributo de santas como Santa Margarida (contrapartida feminina de S. Xurxo), que se representa pisoteando este animal, como símbolo da súa vitoria sobre as forza do mal; tamén o é de santa Marta, que ten ao demo atado cunha cadea, pois segundo a Lenda Dourada (libro no que se basean moitas representacións), venceu ao dragón coa axuda da cruz e da auga bendita.

No caso de que a figura fose masculina, podería tratarse de s. Xurxo ou de s. Bartolomeu, este último moi popular en Pontevedra, que celebra a súa festa o 23 de agosto e aínda hoxe se representa a súa saída á rúa para meterse coa xente porque, como se di, "o día de san Bartolomeu anda o demo solto".

En Casal Novo aparece na vara, moi deteriorado, un santiño con mitra, báculo e libro, atributos dun santo bispo.

Os cruceiros da Tranca e Cemiterio teñen catro santos cada un coincidindo tres deles: unha santa de difícil identificación pola carencia de atributos, san Lourenzo e, probablemente, san Estevo. A lenda di que san Lourenzo foi torturado por orde do emperador Valeriano e remataron asándoo nunha grella, no medio do tormento aínda tiña o valor de pedir que lle deran a volta para asalo polo outro lado. Aparece con dalmática como corresponde a un diácono e ten por atributo, no lado dereito, a grella. San Estevo, tamén diácono, foi o primeiro mártir cristián e foi asasinado a pedradas e cóntase que Saulo, o que máis tarde sería san Paulo, era o encargado de gardar as capas dos verdugos que o

apedraron. Como un demo revelara o desexo de Estevo de enterrarse con S. Lourenzo, sacárono do ataúde e colocárono no de aquel, que se botou a un lado sorrindo, para deixarlle sitio. Os atributos son a palma do martirio e unhas pedras que poden estar depositadas sobre un libro. O cuarto santiño ten como atributos o báculo, mitra e libro no da Tranca, sen outros distintivos e no do cemiterio presenta hábito franciscano sostendo unha cruz no lado dereito.



Cemiterio. Santos

No cruce do Bravo, moi deteriorados pola erosión e tarefas de limpeza pouco axeitadas, aparece na parte superior un santo con hábito franciscano e maza ou palma na man dereita e outro cunha especie de bolsa ou cabaza na man esquerda e bastón (fáltalle a parte superior) na dereita e que ben puidera ser Santiago.

Por último, en Casaldarado os dous santiños non son de fácil identificación por presentar só atributos xenéricos como a palma e o báculo sen outros signos diferenciadores.

Na maioría dos cruceiros, sobre todo en capiteis e peañas, abundan as cabezas aladas que simbolizan a intelixencia e velocidade de movementos características dos anxos.

As consideracións anteriores, aínda que centradas nos cruceiros dun ámbito restrinxido como é a parroquia de Lérez, mostran a variedade de contidos que nos pode facilitar o estudio iconográfico dos cruceiros e a virtualidade que ten nas tarefas de divulgación do noso patrimonio.

Este artigo ten como base unha ponencia presentada polo autor e recollida nas Actas do 2º Congreso Galego sobre Cruceiros e Cruces de Pedra. Colección Historia e Etnografía Galegas. LV. Ed. E. Fernández de la Cigoña, Vigo, 2010.